

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	39
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	42
7.2. Actividades complementarias	43
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	44
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	45
9. Outros apartados	45

1. Introducción

O obxectivo básico do Departamento de Inglés do CPI Fonte Díaz consiste en que todo o seu alumnado, que estuda de xeito obrigatoria Inglés como Primeira Lingua Estranxeira aprenda esta lingua dun xeito global e integrada como instrumento de aprendizaxe e comunicación; que comprenda que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira é intrínseco á aprendizaxe dunha cultura nova e, por tanto, dunha nova forma de pensar. Tendo claro este obxectivo básico, tamén é o noso propósito ensinar ao noso alumnado a importancia de aprender Inglés no momento actual para que poidan ampliar os seus espectros profesionais e persoais e teñan unhas mellores oportunidades en todos os ámbitos posibles. O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira debe desenvolverse desde un enfoque orientado á acción e á comunicación, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Trátase de realizar proxectos significativos para o alumnado, fundamentados en necesidades comunicativas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo

O marco lexislativo desta Programación didáctica a nivel europeo é o Marco Común Europeo de Referencia das Linguas mediante o cal inscribimos a o noso alumnado nos niveis de referencia básicos*, observamos as destrezas de produción e comprensión oral e escrita, remarcamos a importancia de desenvolver as diversas competencias comunicativas e circunscibimos a aprendizaxe dunha lingua ao ámbito plurilingüe e pluricultural; mostramos a o noso alumnado que o proceso de ensinanza/aprendizaxe tende cara a cohesión cultural e o respecto á diversidade.

Equivalencia entre o Marco Común Europeo de Referencia das Linguas e o sistema educativo español de ESO

Curso-Primeiro ciclo Nivel

1º A.2.1.

2º A.2.2.

3º A.2.3.

Curso-Segundo ciclo

4º A.2.4.

A lingua é o instrumento por excelencia da aprendizaxe e a comunicación. Tanto as linguas primeiras como as linguas estranxeiras forman parte na actualidade, e cada vez farano máis no futuro, da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que, á vez, as relacións entre individuos, países, organismos e corporacións fanse máis frecuentes e máis estreitas. Na medida en que esa bagaxe comprende diversos coñecementos, destrezas e actitudes en diversas linguas, é dicir un perfil plurilingüe e intercultural, o individuo está mellor preparado para integrarse e participar nunha variedade de contextos e de situacións que supoñen un estímulo para o seu desenvolvemento, e mellores oportunidades, nos ámbitos persoal, público, educativo ou académico, ocupacional e profesional.

En contextos e situacións de comunicación real, a lingua utilízase para realizar ou acompañar accións con diversos propósitos, polo que o currículo básico incorpora o enfoque orientado á acción recollido no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e describe, en termos de actuación e tomando este Marco como base de devandita descrición, o que os estudantes deberán ser capaces de facer no idioma estranxeiro en diversos contextos comunicativos reais nos que, dada a súa idade e as súas características dependendo das distintas etapas educativas, terán oportunidade de actuar. As actividades de recepción, produción e interacción orais e escritas que conforman os Estándares de aprendizaxe avaliábeis no currículo básico integran tanto as diversas competencias comunicativas específicas como as competencias básicas xerais correspondentes a cada etapa. O currículo básico para a etapa de Educación Secundaria estrutúrase ao redor de actividades de lingua tal como estas se describen no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Os contidos, criterios e estándares están organizados en catro grandes bloques que se corresponden coas actividades de lingua mencionadas, eixo dos ensinamentos da materia.

A etapa de Educación secundaria organízase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo dun. Este catro cursos seguiranse ordinariamente entre os doce e o dezaseis anos de idade. O segundo ciclo ou cuarto curso terá un carácter fundamentalmente propedéutico.

Os PRINCIPIOS XERAIS nesta etapa de Educación secundaria son os seguintes:

1. A finalidade da Educación secundaria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motriz; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formarlles para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na súa vida como cidadáns.

2. Na Educación secundaria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Incorporarase a perspectiva de xénero e teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con

discapacidade.

3. A Educación secundaria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

4. Metodolóxicamente a aprendizaxe estará enfocada, por unha banda, cara á inserción do alumnado en tarefas significativas que lle permitan traballar de maneira autónoma e en equipo e, por outra, cara ao uso de ferramentas imprescindibles para o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe.

Os OBXECTIVOS da materia de Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos durante a educación primaria, que serán o punto de partida para esta nova etapa, e desenvolveranse a partir dos repertorios e experiencias do alumnado. Isto implica unha ampliación e un afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información. A progresión ademais supón outorgarlle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento das linguas e ás relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais.

Para concluir, e a modo de resumo, engadir que presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 1º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	INTRODUCTION	<ul style="list-style-type: none"> ¿ Aprender vocabulario relacionado cos animais, os adxectivos, a natureza, as profesións e os medios de transporte. ¿ Aprender a utilizar there is / are, there was / were, os artigos e os cuantificadores, o Present Simple, o Present Continuous e os adxectivos. ¿ De forma oral, presentarse de maneira formal e informal, e utilizar a linguaxe de clase. 	6	10	X		
2	TIME OUT	<ul style="list-style-type: none"> ¿ Aprender vocabulario relacionado co cinema, a música e a literatura. ¿ Ler de forma comprensiva e autónoma un blogue sobre datos científicos erróneos en películas e un artigo dixital sobre cidades míticas e lendarias. 	12	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	TIME OUT	<ul style="list-style-type: none"> ¿ Repasar os tempos presentes, os stative verbs, os tempos pasados e used to, e aprender a utilizar o Present Simple e o Past Simple en pasiva. ¿ Comprender a información clave dun pódcast sobre unha película, varias descricións sobre experiencias musicais e unha descrición dun libro. ¿ De forma oral, expresar opinións, describir acontecementos pasados e falar dun libro. ¿ Redactar a recomendación dunha película, unha mensaxe sobre un concerto, festival ou festa e a crítica dun libro. ¿ Pronunciar correctamente palabras con letras mudas e as distintas sílabas dunha palabra. 	12	15	X		
3	PEOPLE IN ACTION	<ul style="list-style-type: none"> ¿ Aprender vocabulario relacionado con verbos, as viaxes e o deporte. ¿ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre roteiros de peregrinaxe e outro sobre un falso futbolista que xogou na Premier League. ¿ Aprender a utilizar o Present Perfect Simple, o Past Perfect Simple e as diferenzas de ambos co Past Simple. ¿ Comprender a información clave dunha entrevista sobre un libro, as descricións das viaxes de Nellie Bly e Hannah Engelkamp, e unha entrevista sobre patinaxe de velocidade sobre xeo. ¿ De forma oral, falar sobre experiencias e viaxes, e facer a reserva dun voo. ¿ Redactar unha lista de tarefas pendentas, unha entrada breve sobre unha viaxe e unha biografía dun aventureiro/a, explorador/a ou deportista famoso/a. ¿ Pronunciar correctamente as terminacións dos verbos en pasado /d/, /t/ e /ɪd/ e os sons consonánticos ao final de certas palabras. ¿ Repaso dos contidos dos Módulos 1 e 2. 	12	15	X		
4	LOOKING FORWARD	<ul style="list-style-type: none"> ¿ Aprender vocabulario relacionado cos animais, a vida urbana e a saúde. ¿ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre a alimentación a base de especies invasoras e outro relacionado coa invención dunha máquina que serve para detectar problemas de saúde a través da análise da pegada olfativa das persoas. ¿ Repasar os tempos futuros e aprender a utilizar o Future Continuous e os 	15	16		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	LOOKING FORWARD	<p>condicionais primeiro, segundo e terceiro.</p> <p>¿ Comprender a información clave dunha conversa para tratar de adiviñar un animal, unha presentación sobre unha especie invasora, unha conversa sobre predicións e unha conferencia sobre a historia da medicina.</p> <p>¿ De forma oral, describir un animal, expresar opinións sobre o pobo ou cidade onde viven e ofrecer axuda.</p> <p>¿ Facer un póster de ¿búscase¿ sobre unha especie invasora, crear un mapa mental de predicións e redactar unha carta con consellos.</p> <p>¿ Pronunciar correctamente os sons /d¿/, /g/, /¿ / e /ð/.</p>	15	16		X	
5	BODY AND MIND	<p>. ¿ Aprender vocabulario relacionado coa alimentación, a nutrición, as partes do corpo e os adxectivos.</p> <p>¿ Ler de forma comprensiva e autónoma distintos carteis dun museo sobre o cerebro e unha carta ao director dunha revista.</p> <p>¿ Aprender a utilizar os modais must, have to, need to, should, can, could, be able to, may e might e as súas formas negativas, e o comparativo dos adverbios.</p> <p>¿ Comprender a información clave dunha conversa sobre supersticións relacionadas con diferentes comidas, as explicacións do guía dun museo e unha conversa sobre unha película.</p> <p>¿ De forma oral, pedir e prestar consello, especular e describirse a un mesmo.</p> <p>¿ Facer unha enquisa sobre alimentación e nutrición, especular e redactar a descrición dun personaxe.</p> <p>¿ Pronunciar correctamente os sons /s/, /¿/, /a¿/ e /i:/, e as palabras atendendo á acentuación da súa sílaba tónica.</p> <p>¿ Repaso dos contidos dos Módulos 3 e 4.</p>	15	16		X	
6	ON THE DARK SIDE	<p>¿ Aprender vocabulario relacionado cos verbos, os delitos e as viaxes.</p> <p>¿ Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre un asasinato ocorrido hai miles de anos e o itinerario dunha viaxe.</p> <p>¿ Aprender a utilizar o xerundio e o infinitivo, os pronomes relativos e as oracións especificativas.</p> <p>¿ Comprender a información clave dunha conversa sobre as bandas sonoras das películas de terror, unha conversa</p>	20	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	ON THE DARK SIDE	<p>sobre plans e unha conversa telefónica entre unha axente de viaxes e un cliente.</p> <p>¿ De forma oral, falar sobre o entretemento relacionado co terror e a adrenalina, sobre un delito e sobre unha viaxe.</p> <p>¿ Facer unha enquisa sobre o entretemento relacionado co terror e a adrenalina, escribir os pés de foto de varias fotos e redactar a descrición dun lugar recomendábel para visitar.</p> <p>¿ Pronunciar correctamente as preguntas segundo a súa entoación e os sons /æ/ e /i/.</p>	20	16			X
7	MATERIAL WORLD	<p>¿ Aprender vocabulario relacionado coa moda, os verbos e as compras.</p> <p>¿ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo con varios consellos relacionados coa moda e a saúde, e outro sobre o efecto terapéutico das compras.</p> <p>¿ Aprender a reproducir en estilo indirecto afirmacións, preguntas, ordes, ofrecementos e suxestións.</p> <p>¿ Comprender a información clave dunha lección sobre diferentes tipos de moda en dúas partes, unha conversa sobre modas e un programa de radio en dúas partes.</p> <p>¿ De forma oral, describir pezas de roupa e accesorios de moda, falar sobre tendencias e modas, e comprar por Internet.</p> <p>¿ Escribir entradas nun foro da internet, facer unha enquisa sobre modas e redactar un correo electrónico para presentar unha reclamación.</p> <p>¿ Pronunciar correctamente distintos cognados e os sons /s/, /i/, /ti/ e /k/.</p> <p>¿ Repaso dos contidos dos Módulos 5 e 6.</p>	20	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	INTRODUCTION	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos		
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar criticamente os contidos dos textos propostos.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar gráficamente ideas xerais de xeito comprensíbel	PE	60
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	.Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.</p>	<p>Participar en situacións interactivas con achegas propias</p>		
<p>CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.</p>	<p>Aplicar estratexias comunicativas</p>		
<p>CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.</p>	<p>Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos</p>		
<p>CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.</p>	<p>Aplicar estratexias de mediación lingüística</p>		
<p>CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.</p>	<p>Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa</p>		
<p>CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.</p>	<p>Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira</p>		
<p>CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.</p>	<p>Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e

Contidos

- terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	TIME OUT	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer e analizar o sentido global e algunhas das ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns e de relevancia persoal expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos non moi complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión breve con aceptable claridade e adecuación á situación comunicativa proposta, e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para planificar, producir e cooperar na elaboración de textos adecuados ás intencións comunicativas, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e algúns detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de cooperación básicas.	TI	40
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar e colaborar de maneira guiada e activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns e de relevancia persoal, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes ideas das interlocutoras e dos interlocutores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir e colaborar.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas., apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar, de forma guiada, as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística e cultural propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, e cultural atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

Para poder levar a cabo a nosa función docente con calidade teremos en conta os seguintes aspectos:

1- Fomentárase sobre todo a competencia comunicativa prestando atención ós coñecementos das normas gramaticais (competencia lingüística), e o coñecemento das normas sociais que rexen o uso da linguaxe (competencia sociolingüística). Vaise intentar desenvolver tamén a competencia discursiva (habilidade de acadar cohesión e coherencia na mensaxe), a competencia estratéxica (capacidade de re-axustar a mensaxe durante o acto de comunicación), a competencia sociocultural (adaptación ó contexto social e cultural) e a competencia social (habilidade dunha persoa para comunicarse con outra).

2- En canto ó alumno/a, a súa participación activa estimula a súa capacidade de aprender, polo que crearemos o máximo de oportunidades para que poida ser posible. Intentaremos involucrar na aprendizaxe non só a capacidade cognitiva do/a alumno/a, senón tamén outros aspectos da súa personalidade, co fin de contribuír ó seu desenrolo integral como persoa.

3- Favoreceremos un bo nivel de autonomía no proceso de aprendizaxe e inculcaremos hábitos de auto-corrección.

4- O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. Procuraremos que a lingua inglesa teña unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; fomentárase que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.que utilicen o inglés como medio de comunicación na aula o máximo posible.

5- O centro de aprendizaxe será o/a alumno/a, polo que o rol da profesora será o de axudar, asesorar e facilitar a aprendizaxe, creando as condicións axeitadas para que esta teña lugar e amosando unha actitude aberta e dinámica que facilite que todos poidan comunicarse dun xeito desinhibido e espontáneo.

6- Poranse en práctica procesos interactivos que creen oportunidades de aprendizaxe efectiva e significativa amosando unha actitude positiva cara á lingua. Do mesmo xeito, seremos flexibles e adaptarémonos ás peculiaridades dos estudantes, de xeito que se faciliten as distintas estratexias de aprendizaxe ofrecendo alternativas e distintos graos de dificultade nas tarefas a realizar. Así se presentarán actividades de reforzo ou de ampliación, segundo sexa caso.

7.- Fomentárase dentro da aula o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

8- Amosarase tolerancia cara ó erro, moi normal no proceso de adquisición dunha lingua e que será un elemento orientador no proceso de aprendizaxe.

9- As actividades serán variadas atendendo ó equilibrio entre o oral e o escrito e con alternancia de actividades do libro de exercicios ou do libro de texto con material de elaboración propia e actividades online motivadoras e dinámicas.

10- Predominarán as actividades comunicativas que fomenten a lectura e interpretación de textos variados a nas que as distintas tarefas terán un obxectivo claro, aínda que o resultado final dependerá do nivel do/a alumno/a.

11- Incluíranse quizzes, concursos (Jeopardy, Pasapalabra,...), xogos (quebracabezas, sopas de letras,...), que servirán para introducir un tema novo ou como colofón e reforzo de algo xa tratado, para motivar ao alumnado e como xeito de potenciar a fixación e a aprendizaxe de novas estruturas.

12- Utilizarase unha metodoloxía ecléctica, xa que se esperan varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos/as. Prestarase, neste sentido, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA, o Deseño Universal para a Aprendizaxe para minimizar as barreiras que puideran existir na aula e favorecendo así a igualdade de oportunidades no acceso á educación.

13.- Desenvolverase parcialmente unha metodoloxía de aula invertida ou flipped classroom e traballarase coa aula virtual desde o primeiro día de clase.

14- Potenciarase o uso de recursos e material variados (webquests, vídeos, plataforma de lectura dixital, exercicios en liña, xogos de vocabulario, ...)

15.- Fomentarse o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
ESPAZOS DISPOÑIBLES NO CENTRO: - Aula de Linguas Estranxeiras
ESPAZOS DISPOÑIBLES NO CENTRO: Aula de informática
ESPAZOS DISPOÑIBLES NO CENTRO: Biblioteca
ESPAZOS DISPOÑIBLES NO CENTRO: Aula para Actividades Audiovisuais

RECURSOS MATERIAIS: - Ordenadores (PC da profesora)
RECURSOS MATERIAIS: - Proxector
RECURSOS MATERIAIS: - Conexión a Internet
RECURSOS MATERIAIS: - Móbil para fotos
RECURSOS MATERIAIS: Libros de lectura de distintos niveis adaptados ao alumnado .
RECURSOS MATERIAIS: - Dicionarios bilingües
MATERIAL FOTOCOPIABLE E DE ELABORACIÓN PROPIA. Tamén utilizaranse diversos materiais fotocopiabes e abundante material de elaboración propia para romper a monotonía, adaptados ás necesidades de cada momento e que cumpran unha serie de requisitos como: ¿ Que sirvan de complemento ó libro de texto ¿ Que sexan variados e diferentes das actividades realizadas habitualmente. ¿ Que teñan como punto de partida textos de lectura diversos ¿ Que os textos sexan na medida do posible auténticos ¿ Que favorezan a comunicación e interacción entre todo o alumnado.
MATERIAL DE ELABORACIÓN PROPIA para romper a monotonía, adaptados ás necesidades de cada momento e que cumpran unha serie de requisitos como: que sirvan de complemento ó libro de texto, que sexan variados e diferentes das actividades realizadas habitualmente. que teñan como punto de partida textos de lectura diversos, que os textos sexan na medida do posible auténticos, que favorezan a comunicación e interacción entre todo o alumnado.
MATERIAIS DIXITAIS. - Uso da aula virtual do centro.
MATERIAIS DIXITAIS. - Uso do blog da materia https://ourenghishtouro.blogspot.com como fonte de información e entretemento.
MATERIAIS DIXITAIS. - Diferentes páxinas webs con contidos educativos como: http://learnenglish.britishcouncil.org/es/
MATERIAIS DIXITAIS. - Blogs, por ex.: http://edublogs.org
MATERIAIS DIXITAIS. -Wikis como http://pbworks.com
MATERIAIS DIXITAIS. - Podcasts ou arquivos de audio e video que poden ser vistos no ordenador, o mp3.
MATERIAIS DIXITAIS. - Uso de dicionarios on line como www.wordreference.com
MATERIAIS DIXITAIS. - Uso da sección: IS- Interactive Student- da editorial (www.burlingtonbooks.es/IS) con actividades extra para o alumnado.
MATERIAIS DIXITAIS. - Uso de internet como fonte de información para realizar traballos orais e escritos sobre diversos temas.
MATERIAIS DIXITAIS. - Uso das TIC para presentación de traballos: mural dixital, infografías, presentacións PP,...
LIBRO DE TEXTO: Network 3 - 3º ESO Student's Book (Burlington Books)

ESPAZOS DISPOÑIBLES NO CENTRO: A aula de linguas estranxeiras está actualmente desmantelada e fai as funcións agora de comedor de infantil debido ás medida de distancia derivadas da pandemia. Esperamos recuperala neste curso. Os espazos que se mencionan son utilizados por todo o profesorado do centro polo que se elaboran horarios para o seu uso e así poder organizar a súa dispoñibilidade.

LIBRO DE TEXTO: Este manual ven acompañado de CDs, vídeos, interactive games e outros recursos adicionais para complementalo. Así mesmo, a editorial dispón da correspondente páxina web onde se pode ter acceso a actividades extra para reforzar a aprendizaxe e así a editorial Burlington ten dispoñible 'online' o libro do alumno e outros recursos, como xa se mencionou no apartado de materia dixitais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semana de curso levarase a cabo unha avaliación inicial da materia a todo o alumnado. Dita avaliación abranguerá:

- Expresión oral: o alumnado liu textos curtos en voz alta, fixo diálogos ou falou coa profesora.
- Comprensión oral: o alumnado escoitou un texto reproducido por medios mecánicos e respondeu a preguntas de comprensión.
- Expresión escrita: o alumnado redactou un texto dunha certa extensión sobre temas coñecidos por eles.
- Comprensión escrita: o alumnado contestou a preguntas de comprensión xeral e específica dun texto dado.
- Coñecementos lingüísticos: o alumnado realizou unha proba sobre elementos sintáctico-discursivos do idioma e léxico.

Despois da avaliación inicial conxunta, complementada coa información obtida polo persoas titoras, en colaboración co Departamento de Orientación e a extraída dos informes persoais da etapa/curso anteriores, darase conta das seguintes necesidades específicas de apoio educativo en 3º ESO, e segundo os resultados obtidos nesta avaliación inicial, podernase tomar algunhas das seguintes medidas para mellorar o rendemento do alumnado:

1. O alumnado que ten a materia pendente de cursos anteriores deberá realizar todas as tarefas propostas pola xefa de departamento.

2. Para o alumnado que, aínda tendo a materia superada do curso anterior, amose certa dificultade nalgún ou en todos os bloques anteriormente mencionados e para o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe propoñemos as seguintes medidas:

- Atención individualizada do alumno
- Revisión periódica do seu material escolar: libros, caderno, fotocopias, etc.
- Situación dentro da aula (primeiras filas)
- Repetición na casa do feito na aula e posterior comprobación
- Se fora preciso, proporcionar material de reforzo de aspectos concretos
- Entrevistas cos pais ou titores legais para informarlles dos progresos do alumno
- De existir informe médico, algúns alumnos poderían ter tempo extra na realización de tarefas e exames.

Se as carencias e problemas de aprendizaxe do alumnado foran moi graves, unha vez oído o Departamento de Orientación e o titor/a do alumno/a na xuntanza de avaliación inicial, faríase unha adaptación curricular significativa na que deberá constar:

- Currículo de referencia para a adaptación
- Competencia curricular actual: competencias acadadas e necesidades educativas
- Obxectivos
- Contidos
- Criterios de avaliación e cualificación
- Procedementos e instrumentos de avaliación
- Material didáctico
- Seguimento da adaptación

Por suposto, reforzaranse de xeito individualizado, aqueles contidos imprescindibles que non puideron ser traballados o curso pasado. Todas as medidas de reforzo que se adopten deberán ser flexibles, e dicir, poderán ampliarse ou eliminarse tendo en conta os progresos e resultados obtidos polo alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	12	12	15	15	20	20	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

- O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase do seguinte xeito:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA1.2 + CA1.3)

Instrumentos de avaliación:

- proba de 'listening' con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar- 10%
- proba do libro de lectura obligatoria con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar- 10%
- proba de lectura- 5%
- tarefas AV 5%
- probas de coñecemento da lingua- 10%

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4)

Instrumentos de avaliación:

- tarefas AV- 4%
- proba oral en parellas/grupos e/ou presentación oral individual e/ou en parellas e/ou en pequeno grupo- 10%

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6)

Instrumentos de avaliación:

- proba expresión escrita- 10%
- tarefas AV- 12%
- probas coñecementos da lingua- 8%
- probas vocabulario- 5%

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8) e

5. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10)

Instrumentos de avaliación:

- rúbrica: observación na aula- 5%

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3) e

7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3)

Instrumentos de avaliación:

- rúbrica: observación na aula; portfolio personal- 6%

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75. O alumnado que realice todas as tarefas da AV terá unha recompensa de 1 punto que se sumará á notal total da avaliación. O alumnado que decida ler una segunda lectura no trimestre, e leve unha calificación de 6 ou máis na proba desa lectura optativa terá unha recompensa de 0,5 puntos que se sumará á nota final da avaliación.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento ten deseñado un protocolo de recuperación para o alumnado que teña a materia pendente do curso anterior. A xefa de departamento facilitará a este alumnado co inglés pendente, a partir do mes de outubro, trimestralmente, en papel e/ou a través do blog da materia e/ou a través da AV , materiais para o repaso que deberán ser entregados nas datas sinaladas, aclarará ao alumnado calquera dúbida que se poida presentar e elaborará e correxirá todas as probas de avaliación do alumnado. A realización das tarefas propostas será tida en conta positivamente á hora da avaliación final.

O alumnado coa materia de Inglés PENDENTE poderá recuperala mediante os seguintes 4 procedementos:

1. Aprobando a segunda avaliación do curso no que está matriculado.
2. Aprobando o exame de pendentes a realizar en maio.
3. Aprobando o curso no que está matriculado na avaliación ordinaria de xuño.

4. Aprobando o exame de pendentes a realizar na avaliación extraordinaria de xuño. Data do exame por determinar entre os días 15, 16, 19 e 20 de xuño.

Para o exame de maio, de ter que realizalo, valorarase un 20% o traballo continuado, o interese e a puntualidade na entrega das tarefas adxudicadas cada trimestre. O restante 80% será a nota da proba nesta porcentaxe:

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 25% + 30%

- Instrumentos de avaliación:
- cuestionarios de opción múltiple
- preguntas de verdadeiro/falso/no mencionado
- preguntas de completar
- exercicios de corrección
- preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 25%

- Instrumentos de avaliación:
- exercicios de ordenar as palabras na frase; organizar parágrafos; exercicios de puntuación
- redacción dun texto sobre un tema a escoller entre os varios propostos

Aquel alumno ou alumna que suspenda ou non se presente, sen motivo debidamente xustificado, aos exames de inglés do curso ou cursos anteriores que teña pendente en ningún caso poderá obter avaliación positiva na materia do curso no que se encontra matriculado.

Esta información non é relevante neste curso pois non hai alumnado en 3º coa materia pendente. O único alumno que suspendeu inglés en 2º o curso pasado está a repetir.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

Débense ter en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender. Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos/as poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.
- A motivación para aprender. A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais, coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.
- Os estilos de aprendizaxe. Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.
- Os intereses dos alumnos/as. O esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo.

Para atender de modo axeitado a esta diversidade e heteroxeneidade proporcionaráselles desde o departamento, e ao longo do curso, actividades de reforzo e ampliación do material didáctico que permitan dar unha atención individualizada aos alumnos e alumnas, segundo as súas necesidades, motivacións e o seu ritmo de aprendizaxe, pois a variedade de exercicios e actividades fará posible que todos atopen algún que se adapte ó seu estilo de aprendizaxe, grazas ás diferentes posibilidades de acceder a un mesmo contido. Utilizarase unha metodoloxía ecléctica que permita a adaptación ás necesidades de cada un dos alumnos e alumnas. Así mesmo, atendemos á diversidade con todos os recursos dixitais que se mencionan.

Despois da avaliación inicial e tras o análise da información proporcionada polas persoas titoras dos grupos da ESO dase conta dunha serie de necesidades como se detallan no apartado de CONTEXTUALIZACIÓN. E para dar resposta a estas necesidades poñeranse en marcha medidas de atención á diversidade entre estas medidas podemos citar:

Medidas ordinarias:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas na aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Esta metodoloxía, fundamental no tratamento da diversidade, non será viable en clases con distancia social e contacto cero.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación:

- Axustar a avaliación ás características do alumnado: realizar/completar o exame de forma oral, tipo test, pregunta curta, etc.
- Focalizar as preguntas do exame en conceptos claves e contidos mínimos.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Axudar a ler as preguntas do exame.
- Facer o exame con material complementario: abecedario, regras de ortografía, esquemas ou guións que enumeren como se realiza un exercicio, apoios visuais (debuxos, pictogramas ou imaxes reais), etc.
- Apoiar con imaxes o material escrito.
- Valorar o contido das respostas e non tanto a ortografía ou a composición do texto.
- Dar máis tempo para realizar o exame.

f) Reforzo educativo:

NOS CONTIDOS:

- Priorizar contidos.
- Modificar contidos.
- Retomar contidos traballados con anterioridade.
- Eliminar contidos (non nucleares).

NOS MATERIAIS:

- Simplificar as instrucións escritas.
- Marcar a información máis relevante e esencial no libro do alumno.
- Usar flashcards e medios audiovisuais para facilitar a memorización de vocabulario e cuestións gramaticais.
- Usar esquemas e gráficos. É importante presentar un esquema xeral do tema ó comezo e ilo presentando a medida que se avanza na súa explicación.
- Realizar un glosario de termos novos que aparecen ou vaian aparecer nas diferentes unidades.

NA METODOLOXÍA:

- Espaciar as directrices de traballo, de forma que se de unha nova consigna despois de que o alumno/a xa teña realizado a anterior.
- Reducir e fragmentar as actividades, proporcionando contidos estruturados e organizados.
- Utilizar sinais para resaltar os aspectos máis importantes. Por exemplo, asteriscos para sinalar as preguntas ou actividades máis importantes para o exame.
- Permitir o uso de apoios materiais, como por exemplo: abecedario, regras de ortografía, esquemas ou guións que enumeren como se realiza un exercicio, apoios visuais (debuxos, pictogramas ou imaxes reais), etc.
- Darlle orientacións por escrito para facer un traballo.
- Máis tempo para realizar os traballos.
- Utilizar e revisar diariamente a axenda escolar.
- Utilizar o reforzo positivo (recoñecementos públicos, felicitacións).
- Colocar ao alumno/a preto da profesora ou profesor.
- Facilitar instrucións claras e precisas.
- Dar información verbal e visual simultaneamente, sempre que sexa posible. Mostrar os traballos realizados ao resto de alumnado para mellorar a autoestima.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes de estudo.
- Aumentar a atención orientadora

ESTRATEGIAS A UTILIZAR:

Listening:

- Facer preguntas extras e requirir máis información dos alumnos máis capaces.
- Os alumnos/as practican as estratexias de listening en parellas.
- Variar o apoio no exercicio de listening por medio do número de veces que se repite a audición, uso de pausas, repetición polo profesor, a cantidade de axuda visual (ex. algúns alumnos teñen os libros abertos).

Speaking:

- Dar aos alumnos/as máis capaces as partes máis difíciles.
- Animar aos alumnos/as máis capaces a engadir información extra ou a producir un role-play máis difícil.

Reading:

- Variedade de material de lectura.
- Uso de follas de actividades diferentes sobre un tópico similar para traballo extra.
- Facer que os alumnos/as máis capaces lean en alto pasaxes aos menos capaces

Writing:

- Follas con exercicios a diferentes niveis.
- Cando se trata de escribir, é posible establecer un modelo básico con máis posibilidades para os máis capaces.
- Distinto apoio e axuda para os estudantes nas distintas tarefas escritas. O aspecto visual é a miúdo de moita axuda

para os estudantes con dificultades de aprendizaxe.

g) Programas de enriquecemento curricular. Para o alumnado mellor dotado, facilitaranse contidos e material de ampliación.

h) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

i) Programas de recuperación.

j) Programas específicos personalizados.

k) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias:

Adaptación curricular a un alumno de 1º ESO.

Ademais desta medidas contamos coa Estratexia Galega de Convivencia Escolar na que se recollen unha serie de protocolos que teremos en conta cando sexa necesario e, moi especialmente, os seguintes:

- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

As medidas aquí contempladas adecuaranse ás necesidades específicas de cada alumno tendo en conta o seu progreso na materia, sendo necesaria unha revisión trimestral das mesmas para valorar posibles modificacións. A premisa fundamental é partir das medidas ordinarias esgotando as mesmas antes de introducir medidas extraordinarias.

A modo de resumo podemos entón concluir que as medidas de atención á diversidade serán:

1. A adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. A gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. As actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Os materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. As actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. O traballo colaborativo.
8. Os Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. A flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. A retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A COMPRENSIÓN LECTORA	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A COMPETENCIA DIXITAL	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A CREATIVIDADE	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE				X	X		
ET.9 - O RESPECTO E A COOPERACION ENTRE IGUAIS	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.10 - A EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE E O CONSUMO RESPONSABLE						X	X
ET.11 - O EMPRENDAMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL						X	X
ET.12 - O FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO				X	X	X	

Observacións:

Farase fincapé en diversos temas interdisciplinares, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés. Tamén están presentes en todo momento os diferentes temas transversais: educación para a paz, educación para a non discriminación, educación para a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumo, etc.

As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta. No estudio dunha lingua estranxeira trabállanse principalmente a comprensión e expresión oral e escrita, pero nas actividades desenroladas para tal fin aparecen sempre elementos transversais á aprendizaxe de calquera materia como son : actividades que inclúen o uso das TIC, actividades que favorecen o carácter emprendedor e a autonomía persoal, actividades que fomentan a tolerancia e o respecto a outras culturas e costumes ou actividades que fomentan a colaboración e o respecto aos distintos ritmos e niveis de aprendizaxe e capacidades dos demais. Grazas tamén á gran cantidade de material que debemos traballar para favorecer a expresión e comprensión oral e escrita do idioma , trataranse moitos temas interdisciplinares referidos a outras materias e o alumnado terá acceso a moita información de interese que incrementará o seu nivel cultural e aprenderá actitudes de tolerancia e respecto cara os demais que lle axudarán a formarse como persoas.

Promoverase a colaboración coa Biblioteca do Centro, dentro do PDI 'O MAR' e noutras iniciativas, e con distintos departamentos didácticos para a realización de diversas actividades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
TEATRO	Posibilidade da asistencia do alumnado a unha obra de teatro en Santiago.	X	X	X
HORA DE LER	Durante as sesións da 'Hora de ler' traballaranse textos co bosque como protagonista.	X	X	X
THANKSGIVING	Entrega dun mini libro de elaboración propia ao alumnado sobre esta festividade. .	X		
PDI 'O bosque'. DIA DA PAZ	Mostra 'A Forest of words' e actividades en torno á Paz e con figuras como Martin Luther King e Rosa Parks e a historia da loita contra o racismo.		X	
PDI 'O bosque'. INTERNATIONAL WOMEN'S DAY	Lectura/ exposición sobre Jane Goodall.		X	
PDI 'O bosque'. BOOK DAY	Actividades en torno ó libro, a lectura e a figura de William Shakespeare. Exposición de reseñas sobre lecturas en torno ao bosque e ás súas criaturas.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PDI ' O bosque'. 'THE FOREST AND ITS CREATURES'	Mostra sobre o bosque: tipos, partes, elementos,... e exposición do alumnado sobre algún dos seus habitantes.		X	X

Observacións:

Realizaranse na aula actividades diversas que se detallan a continuación. Promoverase a colaboración coa Biblioteca do Centro, dentro do Proxecto do Centro e noutras iniciativas, e con distintos departamentos didácticos para a realización de actividades diversas. Detállanse arriba algunhas destas actividades e a súa temporalización.

Todas estas actividades poderían verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
6. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Metodoloxía empregada
7. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
10. Posibilidade para o alumnado de visualizar e comentar os seus acertos e erros, ofrecéndolles pautas para mellorar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
12. Adecuación das actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Medidas de atención á diversidade
3. Adecuación dos programas e medidas de apoio, reforzo, ampliación. etc. para os alumnos/as que os/as precisan.
4. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEE.
11. Adecuación dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
2. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, cualificación, instrumentos de avaliación, ...
8. Contacto periódico coas familias por parte da profesora para informar ás familias dos progresos e dificultades.

Outros

9. Rapidez na entrega dos resultados das probas/traballos, ...

Descrición:

Polo menos unha vez cada trimestre irase dando conta nas actas do departamento de todos aqueles aspectos programados ao principio de curso que, coa posta en marcha nas aulas, deben ser modificados e o grao de consecución dos obxectivos previstos durante o correspondente trimestre. Debese contrastar se a materia contribuíu a acadar as competencias básicas. Ademais analizaranse, entre outros, os puntos que arriban se detallan cun baremo de 1-pouco a 4-moito.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

INDICADORES DE LOGROS (Cada indicador de logro será avaliado de 1/pouco a 4/moito)

1. Conseguiuse que o meu alumnado adquira paulatinamente maior autonomía na adquisición de contidos?
2. Conseguiuse que o alumnado mellore nas súas presentacións orais?
3. Conseguiuse que o alumnado elabore textos escritos cada vez máis estruturados, coherentes e cohesionados?
4. Conseguiuse motivar ao alumnado con sesións variadas, de metodoloxía dispar e dinámicas diversas?
5. Conseguiuse que o alumnado se exprese en inglés dentro da aula?
6. Conseguiuse que o alumnado se dirixa á profesora en inglés fora da aula?
7. Conseguiuse que o alumnado amose interese por comunicarse en inglés con falante nativos?
8. Conseguiuse que o alumnado amose interese pola cultura e países de fala inglesa?
9. Conseguiuse que o alumnado lea máis en lingua inglesa?
10. Elaborouse suficientes rúbricas ben definidas que me axudan á futura labor docente?
11. Contase con suficiente material de lectura, dicionarios, material audiovisual,...?
12. Tense a aula virtual actualizada e mantense dinámica?

9. Outros apartados